

“Pontevedra é terra de editores. Aquí se publicou o primeiro libro en galego, ‘A gaita gallega’ (Xoán Manuel Pintos, 1853)”, di Manuel Bragado mentres camiña entre as pedras vellas da cidade. O presidente da AGE e director de Xerais fala do seu colega Freixanes, dos amigos Sobral e Toxo, ou das reunións cos autores no mítico Carabela, e lamenta a desaparición da librería Michelena, un templo para a lectura. Editor, blogueiro e mestre, levanta a mirada do iPad durante un tempo para descubrir a tapa do libro da súa propia vida.

■ O café Carabela foi testemuño en máis dunha ocasión das conversacións do editor vigués Manuel Bragado con algúns dos ‘seus’ escritores pontevedreses. Manuel Lourenzo, Ramón Caride, Luís Rei... teñen presentado ós seus personaxes literarios ó director de Xerais nunha ventá fronte a San Francisco. Pero a relación con Pontevedra deste editor, blogueiro (www.bretemas.com) e mestre en excedencia pasa por unha chea de lembranzas da nenez e pola admiración que hoxe profesa polo centro histórico da cidade. Confésao Bragado no Día Internacional da Felicidade mentres camiña baixo o sol pola Praza da Estrela. “Teño unha relación de proximidade con Pontevedra, aínda que nunca vivín aquí”, explica na primeira tarde de primavera.

“Meu pai era viaxante de comercio e viñamos moito na furgoneta a visitar ós seus clientes”, continúa ó tempo que mira de esguello ó obxectivo da cámara. “A Pontevedra actual é un modelo do que debe ser a recuperación dos espazos históricos urbanos en Galicia. Nese sentido teño unha certa admiración, e especialmente como vigués. Na miña cidade ese proceso vai máis lento. Eu agardo que se poidan emular as experiencias positivas”, engade.

Nun día de primavera coma este, no que o tempo é amable, as prazas de Pontevedra poden ser un lugar excelente para abrir un libro e deixarse levar por el.

—Pois si. Ademais é moi importante que a lectura se visualice nos espazos públicos. E iso teno Pontevedra. Debía ser un dos comportamentos culturais a emular polo resto das cidades. Pontevedra ten, dentro da súa programación cultural, dous eventos moi importantes como son o Salón do Libro Infantil e Xuvenil e o Cultural. É unha das cidades referentes en lectura en Galicia, afortunadamente.

E a vostede, onde lle gusta ler?

—A min onde máis me gusta ler é no sofá da miña casa. Leo a maior parte dos textos no iPad e no sofá, pero tamén no coche, nos cafés... A verdade é que sempre que podo roubo uns minutos para ler. Probablemente, o que máis me pode gustar nunha tarde ou nunha mañá de sábado que podo estar na casa é deitarme a ler unha novela policial ou unha novela galega das que eu non edito. É unha das maiores satisfaccións que podo ter ó longo da semana.

Segundo a súa experiencia como editor, que é o que nos gusta ler ós galegos?

—Se collemos os datos das vendas, os máis obxectivos posibles, o que nos gusta ler son novelas contemporáneas máis que clásicas. E dos autores e das autoras do momento. Neste pasado ano 2012 o que se leu foi a primeira novela de Pedro Feijóo, ‘Os fillos do mar’; o libro de

‘As voces baixas’, de Manuel Rivas; a novela sobre Mercedes Núñez de Antón Riveiro Coello; ou a novela ‘Morgana en Esmelle’, de Begoña Caamaño... Pero creo que hai unha preferencia clarísima pola novela actual, que medrou a medida que se ampliou o número de lectores en lingua galega -nunca leu tanta xente en galego como na actualidade-. Por outra banda, hai que recoñecer que hai outro sector de público xuvenil ou de fronteira ó que lle gustan ler esas novelas de crossover. Neste sector tamén temos un mercado.

Podemos dicir que goza de boa saúde a literatura galega pero, que pasa co sector editorial?

—A gran paradoxa do momento actual é que probablemente nunca sufrimos maiores penalidades no sector editorial, sobre todo na lingua galega, que está sometida a retrocesos desde que goberna Núñez Feijóo, pero ó mesmo tempo nunca vivimos un momento de maior esplendor literario. É, por exemplo, o caso da narrativa, onde coexisten varias xeracións de autores de calidade, dunha gran diversidade e que tamén ten un público que a demanda, e mesmo hai que destacar a presenza social da literatura galega. Iso é algo que moitas veces non se valora. Consegui facerse un oco nas librerías, nos medios de comunicación...

Teñen moitas fronteas abertas: crise económica, transformación dos medios...

—Neste momento padecemos de todas as crises posibles, de todas as incertezas. Padecemos os aspectos da diminución das vendas provocadas pola crise económica, que se devaluou todo un 30% pola redución salarial e o desemprego. Iso redonda no comercio minorista e no eido das librerías. Pero tamén padecemos un tránsito apaixonante, interesantísimo entre o modelo de comunicación tradicional cara ó dixital, que a min me gusta definir como o paso da prosa textual á prosa hipertextual. Coído que o que está sucedendo vai máis alá de ler sobre unha pantalla. Asistimos a un cambio na nosa literacidade, na forma de ler e de escribir, que aínda non está afectando estritamente ó noso negocio pero si está obrigando a cambiar o noso xeito de entender a edición. E, por último, hai un terceiro cambio ou tránsito que fai referencia á minusvalorización da diversidade. Un proceso de homoxeneización cada vez maior no eido da lectura. Imponse que moitas persoas len o mesmo libro. Se comparamos os libros máis vendidos en Estados Unidos, España, Francia, Alemaña... poderemos identificar dous ou tres que están en todas as listas, aínda que despois tamén cada sociedade reserva un espazo para a súa literatura nacional.

Daquela, as novas tecnoloxías, son aliadas ou inimigas?



[escribe **María Varela**
fotografía **Javier Cervera-Mercadillo**]

“O que está a suceder vai máis alá de ler nunha pantalla”

[...Perfil]

O editor educativo

Non o pode evitar. Cada vez que atopa nunha librería un título dun dos seus autores de referencia, sente como unha pulsión que o obriga a mercalo. “Sempre penso que xa o lerei a fin de semana pero probablemente o devorarei antes do día seguinte”, explica **Manuel Bragado (Vigo, 1959)**. O director de Edicións Xerais de Galicia e presidente da Asociación Galega de Editores confésase un admirador das letras de Allent Tousaint, Paul Auster ou Riveiro Coello, entre outros. Licenciado en Ciencias da Edu-

cación e mestre de Educación Infantil e Primaria en excedencia, perfílase como un seareiro apaixonado do Celta, das novas tecnoloxías, da novela policiaca e as larpeiradas. Pero por enriba de todo, Bragado é un “editor educativo”. Secretario da Fundación Premios da Crítica Galicia dende 2011, é membro do padroado da Fundación Celso Emilio Ferreiro. Foi presidente da asociación pedagóxica Nova Escola Galega, director da Revista Galega de Educación e membro do Consello da Cultura Galega.

—Para min son unha oportunidade. As posibilidades técnicas sempre foron posibilidades creativas e hoxe están aparecendo os xéneros classmedia que teñen un carácter multimodal, os textos xa non están só compostos por palabras senón tamén por imaxes, por sons...

Sempre quedará quen prefira o pracer de coller un libro tradicional, tocar as tapas, ulir as páxinas...

—Claro, haberá quen prefira esa experiencia sinestésica, e quen non. Pero, mira. (Amosa a aplicación do seu smartphone que recrea un anaquel cos libros e o último título que leva con el). Ves? Podo lelo exactamente igual en calquera lugar.

Aposta logo polo libro dixital?

—O libro actualmente xa é híbrido. O que define o libro é o contido, non o soporte. Non o podemos definir como un texto en papel cosido pola esquerda. Son libros aqueles artigos en iPad que se len cun lector portátil, pero tamén son aqueles contidos ós que se accede desde unha computadora enciclopédica ou tamén esas aplicacións multimedia que se poden ler no iPad, no iPhone ou no Android. Todo iso convivirá, aínda que dependerá dos xéneros. Hai xéneros nos que a edición dixital xa supera á edición impresa, por exemplo, na edición xurídica ou na edición médica. No lado oposto están os libros de fotografía, que están vivindo un renacer porque probablemente son os libros impresos máis coidados, cunha maqueta máis fermosa, cun papel máis singular, posto que fanse obxectos de desexo e posesión.

Falando da edición dixital, precisamente escribe un blog desde hai nove anos.

—A importancia do aspecto dixital na comunicación editorial é fundamental. Eu á parte de director son blogueiro e isto foi tamén asumir a comunicación dixital diaria. Para min foi unha forma de relacionarme co lector e de expresar as miñas opinións e a miña experiencia como editor.

E por que escolleu ‘brétemas’ para o seu blog?

—Chámase Brétemas, primeiro, porque na universidade, no 76, chamábanme así pero, sobre todo, porque eu non son ortodoxo. Son da cultura dos matices, de que as cousas se din nunha liña e a pé de páxina. Brétemas é un pouco a idea de que estamos entre a néboa. E veume moi ben este nome. Hai moita xente que me chama así e non polo meu nome. Eu publico todos os días e entón eu xa sei que non podo estar ben todos os días. É imposible. Pero ó final as persoas que me van seguindo desde hai moitos anos si que lles interesa ese fío meu. A min séguenme unhas catro ou cinco mil persoas todos os días e iso é algo

“A Pontevedra actual é un modelo do que debe ser a recuperación dos espazos históricos urbanos en Galicia. Nese sentido teño unha certa admiración. Agardo que se poidan emular as experiencias positivas”

“O libro xa é actualmente híbrido. O que define o libro é o contido, non o soporte. Non o podemos definir como un texto en papel cosido pola esquerda. Son libros aqueles artigos en ipad, por exemplo”

“A gran paradoxa do momento actual é que probablemente nunca sufrimos maiores penalidades no sector editorial pero, ó mesmo tempo nunca vivimos un momento de maior esplendor literario.”

“Hai moitos máis socios nas bibliotecas públicas da Coruña que no Deportivo. E hai máis socios nas bibliotecas catalanas que no Barcelona e o Español. Hai un raseiro diferente para a lectura e o fútbol”.

impagable.

Na parte negativa desta revolución dixital atopamos a piratería... É un dos retos principais?

—Ese é un tema que ten que resolver o conxunto da sociedade española dunha maneira moi seria. Se non resolvemos esa identificación unívoca entre a cultura e a gratuidade corremos o serio risco de perder os medios de comunicación, os periódicos como espazo de opinión e debate e mesmo a cultura como tal. Os editores estamos a facer un esforzo moi grande no eido dixital e cultural para que teñamos unha actividade sostible economicamente e que retribúa xustamente o papel dos creadores e dos informadores. E iso é algo que hai que asumir colectivamente. A propia industria ten que conseguir prezos e produtos atractivos e competitivos. Neste momento a min non me gusta falar tanto de piratería como de responsabilidade conxunta da sociedade de encontrar unha retribución xusta para os lectores.

Está á fronte da Asociación Galega de Editores desde hai tres anos. Que o levou ata a asociación?

—Levo 23 anos no sector da edición e vinte de director de Xerais e sempre colaborei co desenvolvemento do noso sector o máis que puiden porque considero que un dos verbos que temos que saber conxugar cada vez con maior insistencia é o de compartir. A AGE permítenos ós editores compartir a nosa experiencia e, no eido formativo, estamos facendo un esforzo grande e compartimos a necesidade de seguir unha estratexia común do sector para facer fronte a ese tránsito que estamos vivindo, que é un tránsito histórico, complexo e difícil.

Tres anos moi difíciles...

—É certo. Nunca o tivemos tan difícil. Sempre fixemos un esforzo por manter unha lealdade institucional cos poderes públicos. Nunca a rompimos a pesar da senda de dificultades enormes que estamos tendo nos últimos tres anos. Por unha banda, cunha redución das axudas para a tradución pero, sobre todo, polo que se reduciron as compras para as bibliotecas públicas. E a min iso paréceme unha auténtica catástrofe para a sociedade actual. Hai moitos máis socios nas bibliotecas públicas da Coruña que no Deportivo

da Coruña. E hai máis socios nas bibliotecas públicas catalanas que socios teñen o Barcelona e o Español xuntos. E logo está a débeda dos equipos de fútbol. É curioso como hai un raseiro diferente para a lectura e o fútbol. Eu o que reivindico é que ese carácter estratéxico que ten a lectura para a configuración da cidadanía democrática sexa considerado polos poderes públicos. Ese é o esforzo que estamos facendo.

Aí entra en xogo a Lei do Libro...

—Na Lei do Libro, aprobada por unanimidade polo Parlamento Galego no 2006, declarouse o carácter estratéxico do sector do libro para Galicia. Continuamos solicitando isto e facémolo coa maior firmeza e elegancia para non quede en augas de bacallau, senón que sexa un compromiso que asumamos.

Xerais edita arredor de 300.000 volúmenes ó ano e leva vendidos once millóns de libros. Que ten que reunir un libro para que se decidan a publicalo?

—Iso é moi difícil. Buscamos a excelencia. E axudámonos polas coleccións. Cada ano publicamos uns trescentos exemplares, arredor de cen novidades e outras tantas reedicións de libros xa publicados. Pretendemos que sexan boas lecturas. Tamén procuramos que exista unha porcentaxe de primeiros títulos. Esa é a responsabilidade do editor, que ten que axudar a descubrir. Pode haber unha intuición dos nosos editores, despois sempre buscamos un criterio externo e logo decide o director e o director de edición. O editor é, por unha parte, un lector que ten que ser fiel a un proxecto, a unha tradición e, por outra, é un comerciante. Temos que facer que o noso produto se defenda no mercado, temos que ser capaces de vender os nosos libros.

Inflúe a época que estamos a vivir no tipo de literatura que se fai hoxe?

—Coido que si. Estamos nun momento moi depresivo e iso nótase en toda expresión artística. Nós anhelamos moito o humor. O humor cotiza moi alto, moi caro. De feito, o premio Blanco Amor deste ano, que imos publicar agora, ‘Díoxenes en Dolorida’, de Ignacio Vidal Portabales, é un dos libros máis divertidos da historia da literatura galega, así que pensamos que este é o momento idóneo para publicalo.■



Pecados confesables

“Non hai odios que cen anos duren”

Fixo trampa algunha vez?

—Cando non era capaz de rematar un encrucillado e buscaba as respostas na parte de atrás.

Que é o peor que fixo nun arranque de ira?

—Bater sobre unha mesa.

Levou algo dalgún sitio ou marchou sen pagar?

—Cando era estudante expropiei algún libro de Lenin. Xa pedín disculpas anos despois.

Que sería capaz de facer por un millón de euros?

—Nada. Non son capaz de funcionar con alicientes económicos.

Fáiselle a boca agua cando...

—Cando tomo unha larpeirada.

Quen o que situacións espantan os seus desexos máis ocultos?

—Probablemente a beleza, que se presenta de formas muy diversas.

Na mesa, ante que non se pode resistir?

—Diante dunha barra de pan do meu cuñado Ricardo.

Un establecemento para sentirse culpable?

—Unha tenda de Apple. Coido que caín en todas as súas tentacións.

Pode vivir sen espello?

—Precisoo para cortar a barba.

A preguiza véncelle cando...

—... Cando me dá o sono.

De que se sente máis orgulloso de si mesmo?

—De ter ensinado a ler e escribir en galego ós meus alumnos.

Que non perdoaría?

—Eu perdooo todo. Non hai odios que cen anos duren.

Se puidese ser outra persoa, quen sería?

—Admiro moito a Luís Seoane, Díaz Pardo, Mandela... pero de aí a querer ser outra persoa...

Arrepíntese de...

—De non ter sido máis xeneroso.

Cal foi a última mentira que contou?

—Os editores somos moi mentirans porque somos moi optimistas e sempre dicimos que os libros van aparecer antes do que aparecen.■